

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 29 de decembro de 2006**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández (incorpórase no punto nº 48)  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTE:**

D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, trece horas e corenta e cinco minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm<sup>a</sup>. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1852).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1853).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas da sesión ordinaria do trinta de outubro e do 6 de novembro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**3(1854).- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DA DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS XUDICIAIS E O MANDATO DE TRAMITACION DOS PAGOS DAS MESMAS.**

Dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Xestión, do 28.12.06, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

O apartado 3 do artigo 173 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, determina que corresponderá a autoridade administrativa encargada da execución das sentencias xudiciais, acordar o pago das mesmas. Si para o pago fose necesario un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito, deberá solicitarse un ou outro do Pleno da Corporación dentro dos tres meses seguintes o día da notificación da resolución xudicial, e en igual senso o artigo 106,1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Tal atribución de tomar razón e ordear a execución das sentencias xudiciais, ven sendo exercida na actualidade pola Xunta de Goberno Local, sendo, segundo os casos, as unidades administrativas encargadas de notificar e dar conta a aquél órgano colexiado das memas, a Asesoría Xurídica ou ben o servizo municipal de Patrimonio.

Tal procedemento non resulta todo o áxil que sería desexable e incluso pode propiciar posibles perxuícios por demora na execución, polo que se considera que sería convinte a delegación de esta atribución nun órgano unipersonal, como podría ser o Primeiro Teniente de Alcalde, en aras de obter unha maior celeridade e eficacia procedimental.

A tales efectos, e de conformidade con apartado 2 do artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, PROPONSE A ESA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte ACORDO:

Delegar a dación de conta de sentenzas xudiciais e o mandato de tramitación dos pagos que das mesmas poidan derivarse no Primeiro Teniente de Alcalde.

A tales efectos as unidades administrativas tramitadoras dos expedientes, Asesoría Xurídica ou Patrimonio, se fose o caso, formularán proposta de resolución o Primeiro Teniente de Alcalde no que se faga constar, que se dá por decatado da sentenza, data de notificación e demais datos identificativos da mesma, con indicación do gasto que supón as arcas municipais, incluído a procedencia do devengo de xuros de demora que serán cuantificados, no seu caso, pola Intervención municipal.

A proposta acompañarase documento orixinal ou copia compulsada da sentenza, acreditándose o carácter firme da mesma, ben por constar na mesma ou por ser así manifestado polos servizos xurídicos municipais.

No obstante o anterior, manterá a atribución da que se propón a delegación a Xunta de Goberno Local, nos casos seguintes:

- Cando pola Asesoría Xurídica se propoña a posibilidade de recurso ante un órgano xurisdiccional superior.
- No suposto de inexistencia ou insuficiencia de crédito orzamentario, suposto no que será a propia Xunta de Goberno Local quen acorde a tramitación da preceptiva modificación orzamentaria.

Notifíquese o presente acordo ás unidades administrativas de Asesoría Xurídica, Patrimonio, Tesourería e Intervención.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **4(1855).- ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO MOFICADO DO DE EXECUCIÓN DE ACONDICIONAMENTO DO CHALET ATALAIA COMO CENTRO DE DÍA ASISTIDO. EXPTE. 19233/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 21.12.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Quedar enterada da acta de recepción das obras do proxecto modificado do de execución de acondicionamento do calé Atalaia como centro de día asistido, asinada o 21.11.06 polo arquitecto municipal, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e a empresa constructora Agrupconsa S.L.

### **5(1856).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE O MES DE NOVIEMBRE DE 2006. EXPTE. 19077/301.**

En cumprimento da base 31ª das de execución do Presuposto en vigor, a delegada da Área de Participación Cidadá, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados durante o mes de novembro de 2006, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
10/11/06	PUBLICIDAD EN PUBLICACIÓN MEMORIA 2005	2260200	200600055198	986,00	ALBERTO VAZQUEZ MILLAN
20/11/06	TRASLADOS PLENO INFANTIL	2260200	200600057238	128,40	AUTOCARES IGLESIAS
20/11/06	REPORTAXE PLENO INFANTIL	2260200	200600057240	939,60	ITRES PUBLICIDAD
20/11/06	AGASALLOS PLENO INFANTIL	2260200	200600057242	1.407,00	UNICEF
20/11/06	CATERING PLENO INFANTIL	2260200	200600057243	395,90	DOLORES FERNANDEZ E HIJOS, S.L.
03/11/06	TRANSPORTE ACTIVIDADE SENDERISMO MAIORES	2260804	200600054241	12.000,00	
10/11/06	CURSOS ADESTRAMENTO DE MEMORIA	2260804	200600055501	12.000,00	MONICA CALVO SERRANO
10/11/06	CURSO NOVAS TECNOLOXÍAS	2260804	200600055502	9.000,00	AFI
10/11/06	TALLER DE TEATRO	2260804	200600055507	4.700,00	AULA SISIFO DE FORMACIÓN S.L
10/11/06	ORNAMENTACIÓN SALÓN	2260804	200600055509	680,00	NORA VELLO CAMPOS

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
10/11/06	PUBLICIDADE TALLER TEATRO	2260804	200600055512	1.339,80	CANAL UNO DE COMUNICACIÓN
14/11/06	ACTIVIDADES NAVIDAD MAIORES	2260804	200600055974	11.982,00	AULA SISIFO DE FORMACIÓN.S.L.
13/11/06	APLICACIÓN INFORMÁTICA	2270600	200600055900	11.944,22	INDICADE S.L.
13/11/06	ASESORAMENTO TECNICO MULLERES	2270600	200600055930	8.500,00	ALECRIN
21/11/06	ASESORAMENTO TÉCNICO PROCESO ACOLLIDA EXTRANXERIA	2270600	200600057744	12.000,00	SOFIA
23/11/06	ASESORAMENTO TECNICO PROCESO ACOLLIDA EXTRANXERIA	2270600	200600058528	9.400,00	VANESA
21/11/06	OBRADOIROS EDUCACIÓN P/A SAUDE	2270608	200600057728	4.217,21	MADRES EN DEFENSA DE LOS JOVENES
28/11/06	TALLERES EDUCACIÓN	2270608	200600060776	8.000,00	MADRO
24/11/06	TALLER INSERCIÓN P. EXTRANXEIRA	2270609	200600059301	12.000,00	AULA SISIFO DE FORMACIÓN S.L.
24/11/06	CURSO LINGUA ESPAÑOLA	2270609	200600059326	5.000,00	ASOC. MULLERES PROGRESISTAS
03/11/06	OBRADOIRO PSICOLOXICO	2270615	200600054242	9.000,00	ASOC. ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO
27/11/06	CURSOS DE FORMACIÓN NOVAS TECNOLOXIAS	2270616	200600059803	12.000,00	
10/11/06	COLOCACIÓN PERSIANAS	6250000	200600055781	1.051,56	PERSIANAS ROMA
17/11/06	ADQUISICIÓN FOTOCOPIADORAS	6250001	200600056517	11.992,94	XEROX ESPAÑA,S.A.
22/11/06	ADQUISICIÓN EQUIPOS INFORMATICOS	6260000	200600058495	12.000,00	EQUIPOS ELECTRONICOS DE REDONDELA

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**6(1857).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 12/1018, 12/1673.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Amadeo López García. Expte. 12/1018.
- D<sup>a</sup>. Juana Sanluis Rodríguez. Expte. 12/1673.

**7(1858).- CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O EQUIPO DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL Ó ABEIRO DO CONVENIO COA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR APROBADO O 26.12.06 POLA X.GOVERNO LOCAL. EXPTE. 19208/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 26.12.06, conformado pola delegada de área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Contratar dende o 01.01.07 ata o 31.12.07 para o equipo de inclusión sociolaboral para persoas residentes no termo municipal, para o ano 2007, no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, o abeiro do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral para persoas residentes no termo municipal, para o ano 2007, no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, as seguintes persoas:

- Psicóloga: D<sup>a</sup> Montserrat Soto Sío
- Diplomado/a en Traballo Social: D. Carlos Sahuquillo Franco e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Patricia Martínez González
- Graduada Social: D<sup>a</sup> Pilar Pita Balteiro
- Educadora Social: D<sup>a</sup> Eva Susana Candeira Rodríguez
- Administrativa: D<sup>a</sup> Paula Cremades Paz

Facultar á Unidade de Persoal para a contratación doutro/a administrativo, dacordo cos seus propios procesos de selección, listas de espera, etc. sempre e cando resulten adecuados para o posto requerido.

O tipo de contrato será por obra ou servizo, e o gasto, incluída a Seguridade Social imputado á partida 3130.131.00.01, dacordo coas características que figuran no expediente.

Pola Unidade de Persoal formalizaráanse os contratos correspondentes, alta en Seguridade Social e demais trámites necesarios para a efectividade do presente acordo.

**8(1859).- ABOAMENTO DAS ASISTENCIAS DO PERSOAL MUNICIPAL ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DEN CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS. EXPTE. 8226/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do IME, do 20.12.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e co intervido e conforme do interventor xeral de data 21.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a cantidade de 3.858,66(1860).-€ (TRES MIL OITOCENTOS CINCOENTA E OITO CON SESENTA E SEIS EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 422.0.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1(1861).- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C

(28/09/06 – 19/12/06) .....	15 X 39,78(1862).-€ .....	596,7(1863).-€
Zona 2.- PEDRO M <sup>a</sup> VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M (10/10/06 – 12/12/06) .....	16 X 39,78.-€ .....	636,48.-€
Zona 3.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X (09/10/06 – 19/12/06) .....	9 X 39,78.-€ .....	358,02.-€
Zona 4.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N (08/09/06 – 12/12/06) .....	16 X 39,78.-€ .....	636,48.-€
Zona 5.- FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ, NIF: 36.081.823-K (27/09/06 – 12/12/06) .....	9 X 39,78.-€ .....	358,02.-€
Zona 6.- JESUS GONZALEZ ROCA, NIF: 35.920.716-Y (10/10/06 – 12/12/06) .....	11 X 39,78.-€ .....	437,58.-€
Zona 7.- ALFONSO SILVA LORENZO, NIF: 36.002.568-R (27/09/06 – 05/12/06) .....	14 X 39,78.-€ .....	556,92.-€
Zona 8.- ROCIO BRUZON ALCANIZ, NIF: 36.058.643-W (07/09/06 – 12/12/06) .....	7 X 39,78.-€ .....	278,46.-€
<u>TOTAL ASISTENCIAS .....</u>		<u>97 X 39,78.-€..... 3.858,66.-€</u>

**9(1864).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DA CABALGATA DE REIS E DO CONCURSO DE RONDALLAS 2006. EXPTE. 2073/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Festas e A.Sociocultural, do 26.12.06, conformado polo concelleiro de dito Servizo, co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral e co intervido e conforme do interventor xeral, do 28.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, para a colaboración na organización da *Cabalgata de Reis 2007 e máis do XXVI Concurso Desfile de Rondallas* da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Que o gasto derivado do convenio por importe de 13.000.- euros, para organización do Cabalgata de Reis 2007 quedará supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 451.2.226.08.00 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó exercicio 2007; e 4.500.- euros, para organización do “*XXVI concurso- desfile de Rondallas*” quedará

supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 451.2.226.08.01 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó exercicio 2007.

O pagamento realizarase á Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

*PROXECTO DE CONVENIO PARA A COLABORACIÓN  
NA ORGANIZACIÓN DA CABALGATA DE REIS E DO CONCURSO DE RONDALLAS 2006*

Vigo,            enero de 2007.

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. IGNACIO LOPEZ CHAVES CASTRO, concelleiro-delegado de Festas e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.*

*Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:*

*D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47, 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.*

*D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.*

*En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA"*

*MANIFESTAN*

- ✓ *Que a Cabalgata de Reis é un evento festivo e de tradición plenamente arraigado e institucionalizado na nosa sociedade, e que esperta grande expectación e ilusión nos máis cativos e en tódolos cidadáns en xeral. Que o tradicional Desfile-concurso de Rondallas celebra xa a XXVI edición e que este ano percorrerá por primeira vez as rúas García Barbón, Policarpo Sanz e Porta do Sol.*
  - ✓ *Que o Concello de Vigo ven desenvolvendo unha importante labor de recuperación e impulso de ambos eventos. No caso da Cabalgata de Reis coa incorporación de novos e vistosos elementos na Comitiva Real, así como mediante a programación doutras actividades complementarias (Carteiro Real, concurso "Vente cos Reis Magos"), que axudan a darlle maior espectacularidade e realce, intentando recobrar o sentido do Nadal.*
- No caso do Concurso de Rondallas o Concello de Vigo propón para este ano un cambio de ubicación do evento xa que o aforo do Pavillón dos Deportes das Travesas é insuficiente para acoller o público que asistente.*

3. Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei Reguladora de Bases de Réximen Local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata, Entroido, Festa do Magosto...).

4. Que dende a Cabalgata de Reis do ano 1997 véñense asinando convenios de colaboración similares entre estas entidades e o Concello de Vigo, sendo o resultado acadado moi satisfactorio para ambas partes, polo que se atopan dispostas a colaborar na organización da presente edición da Cabalgata de Reis 2007 e no desenvolvemento do XXVI Desfile-concurso de Rondallas, que se celebrarán os días 5 de xaneiro e 7 de xaneiro na nosa cidade, respectivamente.

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

#### CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto xeral a colaboración das entidades asinantes na organización da “Cabalgata de Reis 2007” e do “XXVI concurso desfile de Rondallas”, mediante a aportación do persoal auxiliar necesario para o desenvolvemento de ambos eventos.*

*SEGUNDA.- A Cabalgata de Reis 2007 e o XXVI concurso desfile de Rondallas” é un evento organizado e coordinado pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e que se celebrará nesta cidade oa díaa 5 e 7 de xaneiro, respectivamente, polas rúas e segundo o horario que figuran no anexo do presente convenio.*

*TERCEIRA.- O presuposto xeral deste convenio, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a:*

- ✗ 13.000.- euros, para organización do Cabalgata de Reis 2007 que se financiarán con cargo á partida 451.2.226.08.00, do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio.*
- ✗ 4.500.- euros, para organización do “XXVI concurso- desfile de Rondallas” que se financiará con cargo 451.2.226.08.01 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio.*

*CUARTA.- A comisión colaboradora da Cabalgata de Reis 2007 e “XXVI concurso desfile de Rondallas” estará formada polas seguintes persoas:*

*✓ Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:*

*JOSE LOURIDO PENEDO.*

*JUAN JOSÉ NOGUEIRA SÁNCHEZ.*

*✓ Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”:*

*JUAN CARLOS PADÍN NIETO.*

*RAÚL VILA CARIDE.*

*Así mesmo, formará parte desta comisión colaboradora en representación do Concello de Vigo, con funcións de dirección, supervisión, seguimento e control da mesma, a técnica do servicio de Festas e Animación Sociocultural,*



QUINTA.- A función básica da comisión colaboradora da Cabalgata de Reis 2007 e “XXVI concurso desfile de Rondallas” será a de dotar este evento do persoal auxiliar necesario para acompañamento da Comitativa Real, segundo o seguinte detalle:

1.- Responsable de organización: a comisión colaboradora designará un responsable que funcionará como único interlocutor válido da mesma co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural; este responsable manterá unha serie de reunións co citado persoal, ata o día 5 de xaneiro (previa comunicación deste departamento con un día de antelación), co obxecto de establecer os criterios organizativos para estes eventos, mediante entrega de información escrita precisa acerca do plan de organización que deberán executar.

Este responsable será o encargado de transmitir toda esta información ó resto do persoal, así como de organizar e coordinar as súas accións, antes, durante e despois da cabalgata e do concurso desfile de Rondallas.

2.- Persoal auxiliar necesario: a continuación, relaciónanse o número mínimo de persoas necesarias para cada evento, así como as principais funcións a desempeñar en cada caso.

2.1.- Cabalgata de Reis 2007

- *Persoas: 200*
  - *Horario: das 15 ás 21 horas, do día 5 de xaneiro de 2007.*
  - *Funcións xerais:*
- a) *Encargaranse de recoller no Concello de Vigo coa suficiente antelación os caramelos, globos e outros elementos, e trasladarano ó lugar de concentración da comitiva e ós distintos puntos de avituallamiento e de inflado de globos, que se colocarán ó longo do percorrido. Para este cometido, a organización deberá dispor ó seu cargo dos seus propios medios para o transporte do citado material.*
  - b) *Nos días previos ó evento, encargaranse de recoller as prendas de organización e de distribuilas posteriormente entre todo o persoal. Toda persoa pertencente á organización deste evento deberán levar de forma obrigatoria e en todo momento a prenda superior, e a inferior se así se lles indica.*
  - c) *Ó longo do percorrido, haberá CINCO puntos de inflado de globos que serán xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un; o subministro das correspondentes bombonas de inflado e a súa instalación e posterior desmontaxe será total competencia da comisión colaboradora.*
  - d) *Ó longo do percorrido, haberá un mínimo de tres puntos de avituallamiento de caramelos xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un, e que se encargarán de distribuilos ás carrozas e demais integrantes da Comitativa que o requiran, ó seu paso por ese punto.*
  - e) *Encargaranse de realizar calquera movemento do valado de seguridade que sexa preciso ou lle sexa indicado polo persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento da Cabalgata.*
  - f) *Encargaranse da seguridade ó longo de todo o percorrido, impedindo que o público se achegue ós elementos que compoñen a comitiva; especial atención prestarase ás inmediatezas do palco instalado para a recepción ós Reis Magos, para o que se disporá un equipo especial de seguridade.*
  - g) *Acompañarán seis persoas a cada unha das carrozas integrantes da comitiva, dende a súa saída ata a finalización do evento, para garantir a súa seguridade e maila do público.*

- i) *Buscar a correcta colocación e distribución dos elementos que forman a comitiva no lugar de concentración , seguindo as instrucións dadas nas reunións mantidas co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural. A disposición dos elementos da Comitiva manterase inalterable dende o seu inicio ata o seu remate.*
- l) *Durante o desenvolvemento da Cabalgata deberá haber permanentemente dúas persoas na "zona de encontro de nenos", delimitada co obxecto de levar alí ós nenos-as que se perdan. Estas persoas deberán custodiar os nenos-as ata que sexan recollidos polos seus pais ou titores; de non aparecer, faranlle entrega dos mesmos á Policía Local, a partir das 22'00 horas.*
- m) *O responsable da comisión colaboradora estará en permanente contacto co todo o persoal despregado ó longo do percorrido, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella; así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural*

*Para facer posible este cometido, o Concello facilitaralle á comisión colaboradora un mínimo de nove portátiles, que deberán devolver en perfectas condicións unha vez rematada a cabalgata; ademais deberán dispor de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da cabalgata.*

- *Outras funcións:*

*Calquera outra función imprevista que poida xurdir durante o desenvolvemento da Cabalgata de Reis 2007 e que lle sexa encomendada pola organización deste evento.*

- *Posterior da Cabalgata:*

*A comisión presentará na Concellería de Festas e Animación Sociocultural, nos tres días hábiles seguintes á finalización da cabalgata, un informe completo de posibles incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.*

## 2. 2.-“XXVI concurso desfile de Rondallas”

- *Persoas: 100*
  - *Horario: das 11, 00 ás 14,30 horas, do día 7 de xaneiro de 2007.*
  - *Funcións xerais:*
- a) *Nos días previos ó evento, encargaranse de recoller as prendas de organización e de distribuilas posteriormente entre todo o persoal. Toda persoa pertencente á organización deste evento deberán levar de forma obrigatoria e en todo momento a prenda superior, e a inferior se así se lles indica.*
  - b) *Encargaranse de realizar calquera movemento do valado de seguridade que sexa preciso ou lle sexa indicado polo persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento do Desfile Concurso de Rondallas*
  - c) *Encargaranse da seguridade ó longo de todo o percorrido, impedindo que o público se achegue as rondallas ; especial atención prestarase a zona de desenvolvemento da actuación (cruzamento de Colón con Policarpo Sanz, Garcia Barbón) para o que se disporá un equipo especial de seguridade.*
  - d) *Durante o desenvolvemento do desfile terá que haber permanentemente dúas persoas na "zona de encontro de nenos", delimitada co obxecto de levar alí ós nenos-as que se perdan. Estas persoas deberán custodiar os nenos-as ata que sexan recollidos polos seus pais ou titores; de non aparecer, faranlle entrega dos mesmos á Policía Local, a partir das 14,30 horas.*

- e) O responsable da comisión colaboradora estará en permanente contacto co todo o persoal despregado ó longo do percorrido, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella; así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural.
- f) A comisión presentará na Concellería de Festas e Animación Sociocultural, nos tres días hábiles seguintes á finalización do concurso desfile de rondallas, un informe completo de posibles incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

SEXTA.- O Concello de Vigo aboará as cantidades estipuladas na cláusula terceira 13.000 euros e 4.400 euros, en concepto deste convenio de colaboración, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento e da conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ós traballos realizados, mediante transferencia bancaria á conta corrente núm. 2080.0020.16. 0040023628 domiciliada en Caixanova, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF. G-36.704.666) e número de inscrición no Rexistro Municipal 143/90.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a comisión colaboradora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural na propia actividade.

OITAVA.- En caso de incumprimento do convenio, realizaranse os descontos correspondentes e cos prorrateos a que houbera lugar.

NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2007, e non será prorrogable.

DÉCIMA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar las posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data que se indican,

#### ANEXO

☐ Horario da Cabalgata de Reis 2007:

15'00 horas: Comezo do despregue do persoal auxiliar de organización ó longo do percorrido e da concentración da comitiva real.

18'15 horas: Saída da Comitiva Real dende o cruce de Isaac Peral.

20'30 horas: Remate e despedida da cabalgata.

☐ Percorrido da Cabalgata de Reis 2007:

O percorrido da cabalgata será o composto polas seguintes rúas: García Barbón (dende o nó de Isaac Peral), Policarpo Sanz e Porta do Sol (remate).

✓ Montaxe da comitiva: Entre o nó de Isaac Peral e a rotonda da confluencia entre a avda. García Barbón, a rúa Julián Estevez e rúa Sanjurjo Badía.

✓ Percorrido: García Barbón (dende o nudo de Isaac Peral), Policarpo Sanz e Porta do Sol.

✓ Remate: Porta do Sol.

□ Horario do XXVI Concurso-Desfile de Rondallas 2007:

11,00 horas: Comezo do despregue do persoal auxiliar de organización ó longo do percorrido.

12'00 horas: Inicio do desfile.

14, 30 horas: Remate e despedida da Cabalgata 2007.

□ Percorrido do XXVI concurso desfile de Rondallas 2007:

O percorrido do XXVI Concurso- Desfile de Rondallas será o composto polas seguintes rúas: García Barbón (dende o cruzamento de Serafín Avendaño), Policarpo Sanz e Porta do Sol (remate).

✓ Montaxe da comitiva: Entre o nó de Isaac Peral e o cruzamento de Serafín Avendaño.

✓ Percorrido: García Barbón (dende o cruzamento de Serafín Avendaño), Policarpo Sanz e Porta do Sol.

✓ Remate: Porta do Sol.

**10(1865).- AUTOLIQUIDACIÓN DO CANON, PRESENTADA POLA ENTIDADE AQUALIA-FCC VIGO UTE CORRESPONDENTE Ó PERÍODO XANEIRO 2006 ATA ABRIL 2006 E A REGULACIÓN DOS MESES XANEIRO 1991 A DECEMBRO DE 2005. EXPTE. 100928/140.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizo de Investimentos, do 20.12.06, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Con data 30 de novembro do presente ano a entidade, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga potable, AQUALIA, presenta no Rexistro Xeral deste concello a autoliquidación do canon concesional, correspondente o período xaneiro de 2006 a abril de 2006 así como a regularización dos ingresos dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) a decembro de 2005.*

*O canon concesional é un dos factores constitutivos da tarifa pola prestación deste servizo público e se ven a recadación do tributo é competencia da concesionaria, a súa retribución económica non inclúe, obviamente, o concepto do canon, que deberá ser ingresado a favor da administración concedente, en función dos m<sup>3</sup> efectivamente recadados, en cumprimento do prego de cláusulas económico administrativas que rexeu o concurso, convocado para o outorgamento da citada concesión.*

*O importe autoliquidado, durante o citado periodo de catro meses reflicte unha facturación ingresada de 340.206,48€, correspondente a unha subministración de 11.340.216 m<sup>3</sup>, a razón dunha repercusión unitaria de 0,030 €/m<sup>3</sup>. Con independencia disto efectúase unha regularización, dende a orixe da concesión, con respecto aqueles m<sup>3</sup> facturados, que resultaron impagados nos períodos correspondentes, por importe de 3.148,02€.*

*A presente autoliquidación ten carácter provisional sendo competencia desta administración municipal levar a efecto as verificacións e comprobacións que estime pertinentes, practicando –no seu caso- a liquidación que proceda, de conformidade co establecido no artigo 120.2 da vixente Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003) e o seu concordante (artigo 52) da Ordenanza Fiscal Xeral.*

De conformidade co anteriormente exposto esta xefatura proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período setembro 2005 a decembro 2005 por un importe de 340.206,48€, que corresponde a un volume de facturación 11.340.216 m³.

2º.- Aprobado provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata agosto 2005, por un importe de 3.148,02€.

3º.- Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1866).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE EKIPO POLOS TRABALLOS DESENVOLVIDOS PARA O ACONDICIONAMENTO DOS LOCAIS DA PRANTA 11ª PARA O PROXECTO “VIGO DIXITAL”. EXPTE. 1187/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.12.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 19.12.06, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións e o gasto realizado de conformidade coa Base 28ª das de execución do orzamentaria para o ano 2006, por un importe de 57.563,61 € (cincuenta e sete mil quinientos sesenta e tres euros con sesenta e un centimos) a favor de Ekipo S. Coop. Galega e CIF F-36.620.474.

2º.- Recoñecer a abrigo a favor de Ekipo S. Coop. Galega e CIF F-36.620.474, polo importe total de 57.563,61 € (cincuenta e sete mil quinientos sesenta e tres euros con sesenta e un centimos).

3º.- Dispoñer o gasto a favor de Ekipo S. Coop. Galega e CIF nº F-36.620.474 para o abono das facturas P12.240 e P12.241 polo importe total de 57.563,61 €, xa que se prestou de conformidade a obra facturada e a demora na tramitación do expediente non é atribuíble a mesma con cargo a partida 4631 2120000.

### **12(1867).- ADXUDICACIÓN CONTRATO REDACCIÓN PROXECTO MELLORAS NA ETAP CASAL. EXPTE. 49837/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 14.12.06, aprobado pola Mesa de Contratación en sesión do 18.12.06 e co intervido e conforme do Interventor Xeral do 27.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Esimpro, S.L.” o concurso para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de melloras na ETAP do Casal. Expte 49837-250, por un importe de 89.500 euros,

todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 02-10-2006 e a oferta presentada.”

**13(1868).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA ELABORACIÓN DE ESTUDIO DE SECTORIZACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DE VIGO. EXPTE. 50516/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación do 18.12.06, co intervido e conforme do Interventor Xeral do 27.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Wasser, S.A.” o concurso para a contratación da asistencia técnica para a elaboración dun estudo de sectorización da rede de abastecemento de auga de Vigo. Expte 50516/250, por un importe de 49.500 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 16.10.2006 e a oferta presentada.

**14(1869).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO MODIFICADO SEN INCREMENTO ECONÓMICO DE MUSEALIZACIÓN DA VILA ROMANA DE TORALLA (1ª FASE). EXPTE. 1686/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.12.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación do 12.12.06, conformado polo xefe da Área de contratación e polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto modificado sen incremento económico do proxecto arquitectónico de musealización da Vila Romana de Toralla 1ª fase (xacemento), redactado polo arquitecto municipal D. Juan Luis Piñeiro Ferradas, que non supón variación presupostaria respecto do proxecto orixinal; e adxudicar a execución das obras á empresa “Norvial, S.L. nas mesmas condicións que rexeron a contratación inicial.

**15(1870).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO COMPLEMENTARIO DO DE REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO, FASE 1. EXPTE. 50818/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación do 26.12.06, co intervido e conforme do Interventor Xeral do 27.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Indeza, Edificación y Obra Civil, S.L.” o procedemento negociado para a contratación das obras do proxecto complementario do de remodelación de beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo, fase 1. Expte. 50818/250, por un importe de 147.482,65 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 20.11.2006 e a oferta presentada.

**16(1871).- APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO PRESENTADO POLA ENTIDADE PAZO DE CONGRESOS, S.A. SOBRE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DE VIGO. EXPTE. 1602/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, do 22.12.06, que di o seguinte:

*O 3 de outubro preséntase pola entidade “Pazo de Congresos de Vigo, SA.” en cumprimento do contido da Cláusula 27 do PCAP, a solicitude de incorporación ao contrato de concesión da obra pública, do denominado PEF.*

*Despois do seu estudio e tras conversas cos técnicos da entidade considerouse oportuno a presentación dunha nova documentación na que se reproducisen os termos incluídos na proposta presentada o concurso e adxudicada, desenvolvendo ou clarexando aqueles aspectos que condiderasen que deberían especificarse, xa que neste momento da execución do contrato non podería precisarse os termos en que poderían ser modificados o non ter por finalizada a execución completa da obra, nin fixar o seu presuposto definitivo, nin súa financiación definitiva, únicos supostos previstos no PCAP para á modificación do contido da oferta.*

*Preséntase dita documentación o 27-11-06 e tras o informe favorable do Xefe do Servizo de Inversións de 12 de decembro de 2006 por reproducir os termos da proposición aportada ao concurso, procede que o Concello lle outorgue su aprobación e incorporalo como documento contractual ao Contrato de Concesión de Obra Pública suscripto o 2 de maio de 2006.*

*O Órgano competente para á adopción do acordo é a Xunta do Goberno Local, na súa calidade de Órgano de contratación do Concello, razón pola que lle propón a adopción do seguinte A C O R D O*

*Aprobar a versión definitiva do Plan Económico Financeiro presentado pola entidade “Pazo de Congresos de Vigo,SA.” conforme á documentación informada favorablemente polo Xefe do Servizo de Inversións o 12 de decembro de 2006 e, consecuentemente, incorporalo como documento contractual ao Contrato suscrito o 2 de maio de 2006, e informar a concesionaria que a revisión do mesmo tan so poderá realizarse nos supostos previstos na Cláusula 27.1.1 do PCAP.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(1872).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DE CONTEDORES E PAPELEIRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 17986/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.12.06, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 20.12.06, que di o seguinte:

*D. Carlos Callejo García, en nome e representación da empresa Contenur, en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, nº doc 5008742, solicita, como adxudicatario do contrato de servizo de “instalación, limpeza e*

*mantemento de contenedores e papeleras dentro de termo municipal de Vigo, a revisión de prezos do mesmo, para a anualidade setembro de 2006/setembro 2007.*

*A revisión de prezos solicitada, está prevista no prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, así na cláusula VI deste, na que se recolle os supostos que darían lugar a mesma, manifesta textualmente:*

*A) revisión Ordinaria:*

*1a) A revisión do prezo do contrato terá carácter anual.*

*1b) A revisión Ordinaria do contrato efectuarase conforme ás variacións que experimente o IPC ( Índice de Prezos o Consumo no conxunto Nacional), en cada periodo anual contractual, a partir da data que proceda segundo precepto citado.*

*A vista do cal, a revisión ordinaria, para a anualidade solicitada, setembro 2006/2007, sería o resultado de aplicar ó prezo actualmente vixente do contrato, o IPC da anualidade anterior (setembro2005/setembro2006), que segundo datos facilitados polo INE foi do 2,9%.*

*O prezo que actualmente está vixente, foi aprobado pola Xunta Local de Goberno de data 13 de marzo de2006, fixándose na mesma prezo contractual, a partir do 1 de xaneiro de 200 na cantidade de 2.256.038,08 euros/ano.*

*O prezo revisado, a vista do anterior, para a anualidade setembro2006/setembro de2007, será o resultado de aplicar ó mesmo o incremento do IPC da anualidade anterior, do que resulta:  $2.256.038,08 \times 1,029 = 2.321.463,18$  euros/ano.*

*Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta Local de Goberno deste Concello, a adopción do seguinte A C O R D O*

*Aprobar a revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de contenedores e papeleiras do termo municipal de Vigo, adxudicada a empresa UTE Contener- Otto por acordo do pleno do Concello de Vigo, de 29 de xullo de 2002, fixando o mesmo, para anualidade setembro de 2006 a setembro de 2007, na cantidade de 2.321.463,18 euros/ano.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(1873).- CONTRATO DE ALUGAMENTO DO EDIFICIO DE ELDUAYEN, 36 DURANTE 2007 A LA FE, SEGUROS.EXPTE. 17992/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 18.12.06, conformado polo concelleiro delegado do Patrimonio e co intervido e conforme do interventor xeral, do 27.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Contratar directamente coa sociedade “La Fe Compañía de Seguros S.A.”, propietaria dun local no número 36 da rúa Elduayen desta cidade, e composto por catro semisotos, planta baixa e catro plantas,



o arrendamento, polo Concello de Vigo, do devandito local para dedicalo a actividades de Información a Sociedade, ou calesquera outras actividades e usos de carácter socio-culturais e educativos e servicios administrativos de competencia municipal, durante o prazo, renda anual e demais dereitos e obrigas que se conteñen no texto de borrador que se transcribe:

*“Na Casa do Concello de Vigo a.....*

#### *REUNIDOS*

*Dunha parte, Dª Corina Porro Martinez, alcaldesa-presidenta do Excelentísimo Concello de Vigo.*

*Doutra , don Manuel Suárez Zapata, con DNI número 28.398.001-Q, en representación de “La Fe, Compañía de Seguros S.A.”, segundo escritura de poder outorgada perante o notario de Vigo don José Luis Lorenzo Arean, o día 8 de outubro de 1997, co número de Protocolo 2.971.*

*Ámbalas dúas partes se recoñecen competencia e capacidade, respectivamente, para formalización do presente contrato de arrendamento urbán, para uso distinto do de vivenda.*

*Autoriza este documento Don Xosé Manuel Lorenzo Penela, Secretario Xeral adxunto do Concello de Vigo, de Conformidade co artigo 113 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.*

#### *EXPOÑEN*

*1.- Que a sociedade “La Fe, Compañía de seguros S.A.” é propietaria dun edificio sinalado co número 36 da rúa Elduayen, composto por catro semisotos, planta baixa, e catro plantas coas superficies que se indican nos planos, achegados o expediente inicial de data 14 de novembro de 2001.*

*2.- Que a Xunta de Goberno Local, en sesión de 2004 acordou arrendar o xa citado local do número 36 da rúa Elduayen da nosa cidade.*

*3.- Que o Pleno do Concello de Vigo en sesión celebrada o día 26 de xaneiro de 2004, acordou aprobar a moción presentada pola Concelleira do BNG, Sra. Fernández Davila, sobre continuidade das actividades impartidas no Centro Elduayen de Información a Sociedade.*

*4.- Que a vista de que o contrato de aluguer asignado inicialmente, vence o 1 de agosto de 2006, e polo tanto non se pode proceder a prorroga do mesmo, por parte da Sociedade “La Fe, Compañía de Seguros, S.A.” e o Concello de Vigo, acordan suscribir un novo contrato de arrendamiento do edificio sito na rúa Elduayen 36, co claúsulado que a continuación se transcribe:*

#### *CLAUSULAS*

*Primeira.-*

A sociedade “La Fe, Compañía de Seguros S.A.” arrenda ó Concello de Vigo o edificio referido no expoñendo 1.-), para uso de actividades de Información a Sociedade que na actualidade se veñen desenrolando no mesmo, así como calquera outras actividades e usos de carácter socio- culturais, educativas e servicios administrativos de competencia municipal.

Segundo.-

O contrato terá unha duración dun ano, contado a partir do 1 de xaneiro de 2007 e finalizando o 31 de decembro dese mesmo ano. Dito prazo poderase prorrogar por outra anualidade, mediante acordo expreso da Xunta de Goberno Local, comunicado ó arrendadore sempre que este preste a súa conformidade, con tres meses de antelación ó vencemento do prazo contractual .

Terceira.-

- A renda anual a satisfacer ó arrendador é de 208.930,16 euros, ive engadido, a pagar proporcionalmente por trimestres vencidos, dito importe deberá ser actualizado con efectos de 1 de xaneiro de 2007 e mediante a aplicación do incremento do IPC da anualidade anterior ( decembro 2005/decembro 2006).

A facturación que remita a compañía “La Fe, Compañía de Seguros S.A.”, deberá conter de forma separada o importe trimestral do alquiler e os correspondentes a cada un dos gastos: Luz, mantemento de ascensores e aire acondicionado, mantemento de extintores etc., que o Concello debe reintegrar xunto coas copias das facturas a que tiveran que facer fronte polos conceptos que se relacionan na cláusula sétima, que terán validez sempre que estén cotexadas e coincidan cos orixinais.

Cuarta.-

O arrendador autoriza ó Concello para que con independencia do estipulado na cláusula primeira poda facer cesión do contrato a calquera outra entidade ou organismo municipal dependente deste, sempre que o obxecto estea comprendido nas actividades ou servicios sinalados na cláusula primeira. Nestes supostos, a arrendadora non ostenta dereito algún a elevación da renda por renunciar ó mesmo neste documento.

Quinta.-

O arrendatario queda facultado á realización de obras para o uso que se destina, agás as que poidan afectar á estrutura, seguridade ou aspecto exterior do inmovible sen prexuízo do establecido na Lei de propiedade Horizontal, que quedarán a beneficio do arrendador sen contraprestación algunha.

Sexta.-

a) Corresponderá ó arrendador, satisfacer-los gastos que se deriven da subministración de auga, servicio de saneamento, gas, electricidade, teléfono, calefacción, cotas de comunidade, mantemento de ascensor e taxa de recollida de lixo e seguros que correspondan.

*Ditos gastos serán reintegrados o arrendador por parte do Concello, previa presentación dos xustificantes ou facturas dos mesmos.*

*b) Os gastos derivados do mantemento e conservación das plantas, superficies, locais e instalacións e demais elementos de uso privativo serán por conta do arrendatario.*

*Septima.-*

*As partes sométense con renuncia expresa a calquera outro foro, á competencia dos xulgados de Vigo e ós seus superiores xerárquicos”.*

**19(1874).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBSTITUCIÓN DE PUNTOS DE LUZ POR OUTROS DE MENOR CONSUMO E MAIOR EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA DE VIGO. EXPTE. 11721/444**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 28.12.06, aprobado pola Mesa de Contratación en sesión do 29.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Equipos de Señalización y Control, S.A.” Os lotes 1, 2 e 3 , do concurso para a contratación da substitución de puntos de luz por outros de menor consumo e maior eficiencia enerxética nas instalacións de iluminación pública de Vigo. Expte. 11721-444, por un importe cada lote de 40.000 euros e comprometendose a executar 53 unidades no lote 1, 102 unidades no lote 2 e 161 unidades no lote 3, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 30-12-2006 e a oferta presentada.”.

**20(1875).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE ESCALEIRAS ENTRE A RÚA URUGUAY E A PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 49836/250**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 27.12.06, aprobado pola Mesa de Contratación en sesión do 29.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Hidroestructuras, S.L.” o concurso para a contratación das obras de construción das escaleiras entre a Rúa Uruguay e a Praza de Portugal. Expte. 49836-250 por un importe de 90.024 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-10-2006 e a oferta presentada.”.

**21(1876).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DA COORDINACIÓN DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DOS PROXECTOS DO PLAN PARROQUIAS. EXPTE. 50953/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 29.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Galaicontrol, S.L.” o procedemento negociado para a contratación da Coordinación dos Plans de Seguridade e Saúde das obras dos proxectos do Plan Parroquias. Expte. 50953/250 por un importe de 29.900 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 20-11-2006 e a oferta presentada.

**22(1877).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A ADECUACIÓN ÁS NORMAS DE SEGURIDADE DE 32 UNIDADES DA FLOTA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE 4597/445**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe do Parque Móbil do 28.12.06 e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 29.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Directo de Ingeniería, S.L.” o procedemento negociado para a adecuación ás normas de seguridade de 32 unidades da flota do concello de Vigo expte 4597/445 por un importe de 12.140 euros, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 04.12.2006 e a oferta presentada.

**23(1878).- ADXUDICACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS O CONCURSO DE MELLORA AMBIENTAL NO AREAL DO VAO. EXPTE 4630/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Enxeñeiro municipal e o coordinador da Área de Servizos Xerais de 28.12.06, e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 29.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Xestión Ambiental de Contratas, S.L.” o concurso para a contratación das obras de mellora ambiental no areal do Vao. expte 4630/306 por un importe de 83.893,52 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 04.12.2006 e a oferta presentada..

**24(1879).- ADXUDICACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS O CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA DA IGREXA DE SAN ANDRES DE COMESAÑA. EXPTE 50921/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 27.12.06, aprobado pola Mesa de Contratación en sesión do 29.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Xestión Ambiental de Contratas, S.L.” o concurso para a contratación das obras de mellora do entorno da praza da Igrexa de San Andres de Comesaña. expte 50921-250, por un importe de 89.585 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 04-12-2006 e a oferta presentada.”.

**25(1880).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORAS NO PASEO DO LAGARES. EXPTE 51027/250**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 27.12.06, aprobado pola Mesa de Contratación en sesión do 29.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Unión Temporal de Empresas formada por Hidroestructuras, S.L. e Hidroscivil, S.L.” o concurso para a contratación das obras de melloras no paseo do Lagares. expte 51027-250, por un importe de 268.317 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 04-12-2006 e a oferta presentada.”.

**26(1881).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A ADQUISICIÓN DO VESTIARIO PERÍODO 2006-2007. Expte. 11825/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do enxeñeiro industrial municipal de 29.12.06, e a proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 29.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Adxudicar a “El Corte Ingles, S.A.” os lotes 1, 2, 5 e as prendas do lote nº 6 que constan na taboa resumen de dito lote asinada polo Enxeñeiro Industrial municipal D.Alvaro Crespo Casal , do concurso para a adquisición de vestuario período 2006-2007. Expte. 11825-444, polos seguintes importes seguintes:

- Prezo Lote 1, ano 2006: 49.861 euros e ano 2007: 49.861 euros.
- Prezo Lote 2, ano 2006 : 14.672 euros e ano 2007: 14.311 euros.
- Prezo Lote 5, ano 2006: 12.118 euros e ano 2007: 7.727 euros.
- Prezo Lote 6, ano 2006 e 2007 179.603 euros.

Todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23.10.2006 e a oferta presentada.”.

2º.- Adxudicar a “Peycar Pontevedra, S.L.” os lotes 3,4 e as prendas do lote nº 6 que constan na taboa resumen de dito lote asinada polo Enxeñeiro Industrial municipal D.Alvaro Crespo Casal , do concurso para a adquisición de vestiario período 2006-2007. Expte. 11825-444, polos seguintes importes seguintes:

- Prezo Lote 3, ano 2006: 9.698,66 euros e ano 2007: 13.366,98 euros.
- Prezo Lote 4, ano 2006: 14.761,10 euros e ano 2007 21.458,90 euros.
- Prezo Lote 6, ano 2006 e 2007 1.694 euros.

Todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23.10.2006 e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar a “Sagres, S.L.(Partenon)” as prendas do lote nº 6 que constan na taboa resumen de dito lote asinada polo Enxeñeiro Industrial municipal D.Alvaro Crespo Casal , do concurso para a adquisición de vestiario período 2006-2007. Expte. 11825-444, polos seguintes importes seguintes:

- Prezo Lote 6, ano 2006 e 2007: 104.645,32 euros.

Todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23.10.2006 e a oferta presentada.”.

4º.- Adxudicar a “Sasatex Española, S.A ” as prendas do lote nº 6 que constan na taboa resumen de dito lote asinada polo Enxeñeiro Industrial municipal D.Alvaro Crespo Casal , do concurso para a adquisición de vestiario período 2006-2007. Expte. 11825-444, polos seguintes importes seguintes:

- Prezo Lote 6, ano 2006 e 2007: 16.796,8 euros.

Todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23-10-2006 e a oferta presentada.”.

5º.- Adxudicar a “Iturri, S.A ” as prendas do lote nº 6 que constan na taboa resumen de dito lote asinada polo Enxeñeiro Industrial municipal D.Alvaro Crespo Casal , do concurso para a adquisición de vestiario período 2006-2007. Expte. 11825-444, polos seguintes importes seguintes:

- Prezo Lote 6, ano 2006 e 2007: 98.022 euros.

Todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 23.10.2006 e a oferta presentada.

**27(1882).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN. EXPTE 2211/337**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do arquitecto municipal de 26.12.06 e a proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 27.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Constructora Ediserpo, S.L.” o concurso para a contratación da execución das obras de acondicionamento e reparación do Museo Municipal Quiñones de Leon. Expte 2211/337, por un importe de 161.890 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 27.11.2006 e a oferta presentada.

**28(1883).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO LOCAL PARA UBAS DE TEIS. EXPTE 17603/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do arquitecto municipal de 26.12.06 e a proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 27.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Construcciones Cardeñoso,S.L.” o concurso para a contratación da execución das obras de reforma do local para UBAS de Teis. Expte 17603/301., por un importe de 166.482 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 27.11.2006 e a oferta presentada.

**29(1884).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DUN ESTUDIO TÉCNICO-ECONÓMICO SOBRE A UBICACIÓN DO ESTADIO DE FUTBOL EN BALAIÓDOS E NA CIDADE DO DEPORTE. EXPTE 6443/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Director deportivo do IMD de 21.12.06 e a proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 27.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Enxeñeiros e Arquitectos Constructores Idom, S.A.” o concurso para a elaboración dun estudio técnico-económico sobre a ubicación do estadio de futbol en Balaídos e na cidade do deporte. Expte 6443/333, por un importe de 57.000 euros, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 27.11.2006 e a oferta presentada.”

**30(1885).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MANDOS A DISTANCIA PARA ÓS VEHÍCULOS GRUA PO-1089-BF E PO2330-AG EXPTE 4625/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe do Parque Móbil de 27.12.06 e a proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 27.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “MDC Ingeniería, S.L.” o procedemento negociado para a contratación da dotación de mandos a distancia ós vehículos grúa PO-1089-BF e PO-2330-AG. Expte 4625/445 por un importe de 27.500 euros, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 11.12.2006 e a oferta presentada.

**31(1886).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO MODIFICADO DE SANEAMENTO DO RURAL DE VIGO, PARROQUIA DE ZAMANS. EXPTE. 50787/250**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico da Oficina de proxectos e Inspección Técnica de Obras e o Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 20.12.06, e a proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 26.12.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Conservación de Infraestructuras Urbanas, S.A.” o procedemento negociado para a contratación das obras do proxecto modificado de saneamento do rural de Vigo, parroquia de Zamans. Expte. 50787/250, por un importe de 429.496 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 20.11.2006 e a oferta presentada.

**32(1887).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO CONTORNO DA SOCIEDAD CULTURAL HELIOS (BEMBRIVE). EXPTE. 50497/250**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 19.12.06, aprobado pola Mesa de Contratación en sesión do 26.12.06 e co Conforme e Intervido do Interventor Xeral de data 28.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Construcciones Crespo, S.A.” o concurso para a contratación das obras de mellora do contorno da Sociedad Cultural Helios (Bembrive). Expte. 50497-250, por un importe de 177.789,40 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 16-10-2006 e a oferta presentada.”



**33(1888).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DUN PROXECTO DE USOS E SERVIZOS A IMPLANTAR NA “CIDADE DO DEPORTE”. EXPTE. 6408/333**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do director Deportivo do IMD de 21.12.06, e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación do 26.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Guillén, Mateos e Llopiz, S.L. ” o procedemento negociado da asistencia técnica para a elaboración dun proxecto de usos e servizos a implantar na “Cidade do Deporte”.Expte. 6408/333, por un importe de 29.000 euros, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 30.10.2006 e a oferta presentada.

**34(1889).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORAS DE CAMIÑOS PÚBLICOS NESTE CONCELLO. EXPTE. 50500/250**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 21.12.06, aprobado pola Mesa de Contratación en sesión do 26.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Sercosya, Proyectos y Obras, S.A” os lotes 1 (mellora da estrada Igrexamarcosende en Zamánss ) e lote 2 (reparación de camiños Monte da Mina, Eixou e Falcoa en Castrelos) do concurso para a contratación das obras de melloras de camiños públicos neste concello. Expte. 50500-250, por uns importes respectivos de 133.036,50 euros e 102.223,50 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 16-10-2006 e a oferta presentada.”

**35(1890).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO PROXECTO DE REPARACIÓN DO PASEO DE BOUZAS. EXPTE 50044/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 19.12.06, aprobado pola Mesa de Contratación en sesión do 26.12.06 e co Conforme e Intervido do Interventor Xeral de data 28.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Unión Temporal de Empresas formada por Hidroestructuras, S.L. e Hidroscivil, S.L.” o concurso para a contratación das obras de construción do proxecto de reparación do paseo de

Bouzas. Expte. 50044-250, por un importe de 204.263 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 02-10-2006 e a oferta presentada.”

**36(1891).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA PRIMEIRA FASE DE RECONSTRUCCIÓN DO CHALET AGARIMO NA PARROQUIA DE BEADE. EXPTE. 3054/250**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 20.12.06, aprobado pola Mesa de Contratación en sesión do 26.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Agrupconsa, S.L.” o concurso para a contratación das obras da primeira fase de recostrucción do chalet Agarimo como equipamento Cultural e Social na parroquia de Evade, expte 3054-320, por un importe de 489.957 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 16-10-2006 e a oferta presentada.”.

**37(1892).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA FREIXO-SARDOMA. EXPTE 50173/250**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 22.12.06, aprobado pola Mesa de Contratación en sesión do 26.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Sercocsa proyectos obras, S.A.” o concurso para a contratación das obras de mellora da estrada Freixo en Sardoma. Expte 50173-250, por un importe de 200.434,29 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 09-10-2006 e a oferta presentada.”.

**38(1893).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA SEGUNDA FASE DENTRO DA PRIMEIRA FASE (XACEMENTO ARQUOLÓXICO) DO PROXECTO DE CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN DA VILA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 3517/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do arquitecto municipal de 14.12.06 e do 19.12.06 e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 21.12.06, conformada polo interventor xeral con data 28.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Norvial, S.L.” o concurso para a contratación da execución das obras da segunda fase dentro da primeira fase (xacemento arquolóxico) do proxecto de conservación-restauración da Vila Romana de Toralla. Expte. 3517/307, por un importe de 282.000 euros, todo iso de acordo cos

proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 16.11.2006 e a oferta presentada.

**39(1894).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA AS UBAS DE TEIS E COIA. EXPTE 16717/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa de sección de Coordinación de Servizos Sociais de 18.12.06 e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 21.12.06, conformada polo interventor xeral con data 27.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Esquitino Martínez, S.A.” o procedemento negociado para a subministración de mobiliario para as UBAS de Teis e Coia. Expte 16717-301, por un importe de 18.387,99 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 02-10-2006 e a oferta presentada.”

**40(1895).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO DISEÑO DA CAMPAÑA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2006. EXPTE. 2557/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da técnica da Oficina da Muller do 22.12.06 e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 27.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Imaxe Nova de Comunicación, S.L.” o procedemento negociado para a contratación duna campaña contra a violencia de seño”, por un importe de 30.000 euros, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 20.11.2006 e a oferta presentada.

**41(1896).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA PRIMEIRA FASE DE REURBANIZACIÓN DA PRAZA EDUARDO CHAO. EXPTE. 50016/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do enxeñeiro técnico da Oficina de Proxectos e Inspección Técnica de Obras e do Coordinador da Área de Servizos Xerais, do 22.12.06, aprobado pola Mesa de Contratación en sesión do 26.12.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Sercosa proxectos obras, S.A.” o concurso para a contratación das obras de reurbanización da praza Eduardo Chao fases 1 A e 1 B. Expte 50016-250, por un importe de 444.263,60 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 16-10-2006 e a oferta presentada.”.

**42(1897).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE MANTENEMENTO E CONSERVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO. EXPTE 11901/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 28.12.06, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 27.12.06, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 13 de marzo de 2006 adxudicou á empresa Imes, S.A. a xestión do servizo de mantemento e conservación das instalacións do alumeado público do Concello de Vigo por un importe anual de 1.352.846,82 euros.*

*O enxeñeiro industrial municipal dos servizos Electromecánicos, en informe que se achega no expediente expon as novas necesidades que motivan a ampliación do servizo polas numerosas solicitudes para a instalación de alumeado navideño ademáis de numerosas chamadas telefónicas, citándose as rúas onde será colocado.*

*O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente.*

*De acordo co informado polo enxeñeiro industrial municipal o aumento de gasto que implica a modificación contractual pode imputarse á partida 4324.213.00.00. O importe a incrementar cuantifícase en 47.440,06 euros, e a modificación non supera o 20% do prezo do contrato.*

*O contratista manifesta en comparecencia de 14-12-2006 a súa conformidade coa modificación do contrato.*

*Por iso, previos informes da Asesoría Xurídica do concello e da Intervención Xeral, proponse a adopción do seguinte acordo:*

*Modifica-lo contrato da prestación dos servizos de mantemento e conservación das instalacións do alumeado público do Concello de Vigo suscrito coa empresa Imes, S.A. no sentido de aumentar a prestación do servizo polas novas necesidades de alumeado navideño en diversas rúas.*

*O aumento do prezo do contrato fíxase nun único pagamento de 47.440,06 euros que se imputará á partida 4324.213.00.00.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**43(1898).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POLA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE 2422/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 28 de decembro emitido polo xefe do Parque Móbil e conformado polo coordinadora de área e máis polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva a favor de Cepsa Comercial Galicia, S.A., por un importe de 99.941,95 euros, correspondente a subministrados de gasolina, gasóleo A e C, xa feitos e que corresponden ás facturas:

20061210000000790	8.007,58 €
20061210000000792	18.591,56 €
20061210000000794	17.489,18 €
20061210000000796	17.273,73 €
20061210000000788	1.379,60 €
20061210000000798	16.655,38 €
20061210000000800	4.726,00 €
20061210000000802	8.692,67 €
20061210000000804	7.126,25 €

**44(1899).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE MANTENIMENTO DE CEMITERIOS. EXPTE. 5930/255.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 29.12.06, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 13 de marzo de 2004 adxudicou á empresa Elsamex, S.A. a prestación do servizo de acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais, e que foi denunciado posteriormente por acordo de 6 de marzo de 2006, fixándose como data de finalización do contrato o día 31 de decembro de 2006.*

*A licitación do correspondente novo concurso aínda atópase en tramitación, toda vez que os anuncios están publicándose nestas data, e o servizo debe continuar prestándose.*

*O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente.*

*De acordo co escrito da Concellería de Asuntos Sociais de data 23 de decembro, e previos informes da Asesoría Xurídica do concello e da Intervención Xeral, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

*Modifica-lo contrato da prestación do servizo de acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais coa empresa Elsamex, S.A., fixando como data límite do mesmo á de resolución do concurso actualmente en tramitación, e cun prazo máximo de tres meses, contado a partir do 1 de xaneiro de 2007.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **45(1900).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN CONTRACTURAL DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO MERCADO DO PROGRESO E INICIO DE NOVO EXPEDIENTE CO MESMO FIN. EXPTE. 17690/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral de data 28 de decembro, e de conformidade co informe-proposta de data 29 de decembro emitido pola técnica de administración especial de Patrimonio, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a caducidade do procedemento de resolución do contrato de xestión do servizo público do Mercado do Progreso iniciado pola Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, en data de 11 de setembro.

Segundo.- Ter por iniciado, en virtude do presente acordo, novo expediente para a resolución do contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso outorgado por acordo plenario de 31 de marzo de 2003 á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo, e na súa virtude:

- a) Resolver o contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo, por incumprimento culpábel do concesionario, previo trámite de audiencia ó mesmo, por prazo de 10 días para que manifieste o que o seu dereito conveña.
- b) No caso de que no prazo concedido para alegacións á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo non formule oposición, a presente proposta de resolución adquirirá firmeza. En caso contrario, previa contestación ás alegacións plantexadas, solicitarase informe ó Consello Consultivo de Galicia.
- c) Proceder a incautación da garantía constituída pola Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, mediante aval bancario prestado pola entidade Caixanova, en data 3 de xuño de 2003, por un importe de 3. 005, 00 €, previo trámite de audiencia a entidade avalista.
- d) Proceder a liquidación da concesión, así como a determinación dos danos e perdas causados ó Excmo. Concello de Vigo por mor da modificación do obxecto da concesión e a conseguinte explotación do servizo de aparcadoiro.
- e) Unha vez resolta a concesión, proceder ó outorgamento de autorizacións ós titulares dos postos de venda no Mercado do Progreso para garantir a continuidade na prestación do servizo de

mercado, así como proceder a contratación dos servizos necesarios para o bo funcionamento do mercado, impostos no Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais”.

Terceiro.- Entender que as causas, motivos e fundamentos xurídicos polas que se acorda a resolución son as mesmas que constan no informe-proposta de data 13-07-2006, da Técnica de Admon. Xeral e que, literalmente transcritas din:

#### “NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.*
- *Decreto de 17 de junio de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais (RSCL).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais, aprobado por acordo do Pleno do Excmo. Concello de Vigo de 14 de marzo de 1994 (RMMM).*

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- A Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo é titular da concesión de xestión e explotación do servizo de mercado no Mercado do Progreso de Vigo dende agosto de 2004, por un prazo de 25 anos.

Segundo.- En data 9 de marzo de 2006 recibíronse neste Concello sendas comunicacións: unha da empresa Unión Fenosa indicando que procedeu ó corte da subministración de electricidade no Mercado por falla de pago, e outra da empresa Aqualia poñendo de manifesto a súa intención de proceder ó corte da subministración de auga e saneamento polos mesmos motivos. Á vista destes datos, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria de 10 de marzo de 2006, acordou asumir temporalmente a xestión directa do mercado para garantir a continuidade do servizo, e incoar expediente informativo á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo, como concesionaria do servizo público para a xestión e explotación do Mercado municipal do Progreso, ó obxecto de ficalización da xestión e funcionamento do devandito servizo, e para poder determinar as causas que motivaron esta situación.

Terceiro.- A resolución da Xunta de Goberno Local finalizadora do citado expediente informativo, de data 10 de abril de 2006, acordou, entre outros extremos: por unha banda, prorrogar a medida excepcional de execución directa municipal do servizo do Mercado do Progreso, e por outra, comunicar á Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo a obriga de proceder á realización, con carácter de urxencia, de determinadas reparacións que cita, necesarias por motivos de seguridade e salubridade, así como a xustificar a súa solvencia económica e técnica para a xestión do servizo de mercado, consorte o disposto na LCAP, a presentar un plan de viabilidade da explotación, e dun programa para a realización das obras necesarias para garantir o bo estado das instalacións do mercado e que non revistan carácter urxente concedéndolle, ó efecto, o prazo de tres meses, advertíndolle que de non proceder á realización das obras mencionadas no apartado anterior no prazo de

tres meses, a Administración declarará en secuestro a concesión. Transcurrido este prazo, conséntase que a concesionaria non cumpriu as obrigas impostas.

Cuarto.- Así mesmo, no expediente consta unha denuncia manifestando que o aparcadoiro do Mercado do Progreso, que tradicionalmente era utilizado para servizo dos comerciantes e clientes do mesmo, na actualidade é utilizado como aparcadoiro público, polo que na citada resolución de 10 de abril de 2006, acordouse tamén requirir á Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo para que aportase as autorizacións municipais e licenzas que lle autorizan a exercer a actividade de aparcadoiro nas instalacións do Mercado do Progreso, así como adecuar ó mesmo a normativa actual sobre seguridade. Requerimento que tampouco foi atendido pola concesionaria.

Quinto. - Segundo informe da Tesourería do Excmo. Concello de Vigo, a mercantil Porteros y Controladores, S.L, empresa contratada pola concesionaria do mercado para prestar servizos de vixilancia e control no aparcadoiro do mesmo, procedeu en data 21 de abril de 2006, a ingresar nunha conta municipal os ingresos cobrados durante o mes de marzo do mesmo ano, derivados da xestión do devandito aparcadoiro.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- O servizo de mercado é un dos servizos públicos que deben prestar obrigatoriamente os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes (artigo 26.1.b LBRL).

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 30 de novembro de 1993, acordou como forma de xestión do servizo de mercado nos Mercados Municipais do Berbés, Bouzas, Calvario, Progreso, Travesas e Teis, a concesión administrativa, e aprobou o prego de condicións que rexiría a concesión da xestión e explotación dos mesmos.

Pleno do Excmo. Concello de Vigo, na sesión ordinaria de 31 de marzo de 2003, acordou a adxudicación da concesión da xestión do servizo do Mercado do Progreso de Vigo á Asociación de Comerciantes e Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, por un prazo de 25 anos, e un canon de 72,12 euros, de acordo co prego de condicións aprobado polo acordo plenario de 30 de novembro de 1993 e a oferta presentada, formalizándose o contrato en documento administrativo en agosto de 2004.

II.- Se o concesionario incurrixe en infracción de carácter grave que pusiera en perigo a boa prestación do servizo público, o artigo 133.1 RS faculta á Administración para declarar en secuestro a concesión, co fin de asegurar aquel provisoriamente, impoñendo como requisitos, no parágrafo segundo do mesmo artigo, que o acordo da Corporación sexa notificado ó concesionario, e se este, dentro do prazo fixado, non corrixa a deficiencia, executarase o secuestro. Asimesmo, o artigo 166 LCAP permite a Administración acordar a intervención do servizo se do incumprimento por parte do contratista se derivase perturbación grave e non reparábel por outros medios no servizo público, ata que aquela desapareza.

Por resolución da Xunta de Goberno Local, de data 10 de abril de 2006, notificada á Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo en data 12 de abril do mesmo ano, acordouse conceder á concesionaria o prazo de tres meses para a realización, con carácter de urxencia, de determinadas reparacións necesarias por motivos de seguridade e salubridade, así como para xustificar a súa solvencia económica e técnica para a xestión do servizo de mercado, consorte o disposto na LCAP, presentar un plan de viabilidade da explotación, e un programa para a realización das obras necesarias para garantir o bo estado das instalacións do mercado e que non revistan carácter urxente, coa advertencia de que de non proceder á realización das obras mencionadas no apartado anterior no prazo de tres meses, a Administración declararíase en secuestro a concesión.



*Transcorrido este prazo, conséntase que a concesionaria non cumpriu as obrigas impostas, polo que procede acordar o secuestro.*

*Durante o secuestro, a Administración municipal se encargará directamente do funcionamento do servizo, sen alterar as condicións da súa prestación. A explotación se efectuará por conta e risco do concesionario, utilizando os medios persoais e materiais de que dispusere o mesmo. Con este fin, a Corporación designará un interventor técnico que substituirá plena ou parcialmente ós elementos directivos do concesionario (artigo 134 RSCL).*

*O secuestro é unha medida temporal, que non poderá ter unha duración superior ós dous anos nin exceder da terceira parte do prazo que restare para o termo da concesión (artigo 135 RSCL). Dado que, como se expón na fundamentación xurídica III, constatouse que o concesionario incurriu en causa de resolución contractual, parece oportuno acordar o secuestro en tanto o acordo de resolución non adquira firmeza en vía administrativa.*

*III.- Segundo o Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais “constitúe o obxecto da presente concesión administrativa de servizos a explotación dos mercados municipais minoristas destinados a venda de produtos alimenticios e os seus derivados no termo municipal de Vigo”, constituindo a explotación comercial do aparcadoiro do Mercado do Progreso unha modificación unilateral do obxecto do contrato por parte da concesionaria, pois nesta Administración non consta que se solicitase autorización para ampliar o obxecto contractual á explotación do servizo de aparcamento. O artigo 59 LCAP consigna entre as prerrogativas da Administración no seo do contrato o poder de modificalos por razóns de interese público, condicionada o cumprimento de determinados requisitos, prerrogativa que establece expresamente o artigo 163 LCAP con relación ó contrato de xestión de servizos públicos. Esta materia é regulada, con carácter xeral, polo artigo 101 da mesma lei, que impón no seu apartado 1 que as modificacións sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, extremos que deberán ser xustificadas debidamente no expediente. Queda, polo tanto, vedada a modificación unilateral do obxecto contractual ó contratista. Se este quisera modificar o mesmo, a única vía posíbel sería solicitalo á Administración contratante.*

*Ademáis a explotación comercial do aparcadoiro é unha actividade sometida ó RAMINP en virtude do disposto no artigo 1 do Decreto 2183/1968, que somete ó RAMINP “cuantos establecementos, almacéns, industrias, instalacións e actividades potencialmente productoras de efectos perniciosos para hixiene e seguridade ambiental que sexan exercidas ou estean ubicadas por particulares ou empresas privadas en zonas ou terreos de dominio público .... toda instalación, apertura e funcionamento en terreos ou zonas de dominio público de actividades particulares susceptibles de producir incomodidades ou de alterar as condicións normais de salubridade e hixiene do medio ambiente, ou que impliquen riscos graves para as persoas ou os bens, requirirá a previa licenza, sin perxuízo dos actos de autorización ou concesión de que deban proveerse os titulares de tales actividades en orden a ocupación ou aproveitamento sobre as mencionadas zonas ou parcelas de dominio público e demais autorizacións estatais en vigor”, e nesta Administración non se ten constancia da solicitude dunha licenza para a apertura e funcionamento dun aparcadoiro nas instalacións do mercado. Requerida a concesionaria para que aportase a documentación oportuna para xustificar estes extremos, desatendeu o requerimento.*

*Así mesmo, segundo ó informe do Sr. Arquitecto municipal da Oficina de Obras e Proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 4 de abril de 2006, as instalacións do aparcadoiro non reúnen as condicións de seguridade requeridas para este tipo de establecemento, non procedendo a concesionaria, no prazo concedido ó efecto a adecuar ó mesmo a normativa actual sobre seguridade.*

*IV.- A explotación comercial do aparcadoiro do mercado, explotación que ademáis se realizou sen adecuar o mesmo a normativa de seguridade e sen obter as licencias e autorizacións pertinentes para a súa apertura e funcionamento nin a aprobación municipal das tarifas a cobrar ó público, constitúe unha modificación unilateral*

do obxecto do contrato por parte da concesionaria e implica un incumprimento contractual grave do contratista das súas obrigas contractuais esenciais, o que supón causa de resolución do contrato, segundo o artigo 111.g LCAP.

O órgano de contratación, tal e como establece o artigo 59 LCAP, ostenta a prerrogativa de acordar a resolución dos contratos e determinar os efectos de ésta, previo trámite de audiencia ó contratista e, no caso de que este formule oposición, será preceptivo tamén o informe do órgano consultivo da Comunidade Autónoma respectiva, neste caso, o Consello Consultivo de Galicia. Asimesmo, o artigo 114 TRRL en relación coa disposición adicional 8ª da LBRL, existe como trámite previo ó acordo de resolución, previos informes do titular de asesoría jurídica e da Intervención da Corporación.

Os acordos correspondentes poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos (artigos 59 LCAP e 114 TRRL).

A resolución implica a extinción do contrato (artigo 109 LCAP). Respecto ós seus efectos, o artigo 113.4 LCAP establece que cando o contrato se resolva por incumprimento culpábel do contratista le será incautada a garantía e deberá, ademáis, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. Debendo conter o acodo de resolución pronunciamiento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía constituída (artigo 113.5 LCAP).

A Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, en cumprimento das obrigas impostas polos artigos 35 e 36 da LCAP, constituíu garantía por un importe de 3.005,00 €, mediante aval bancario prestado pola entidade Caixanova, en data 3 de xuño de 2003, garantía que deberá procederse a incautar, en virtude do disposto no artigo 43.2.c LCAP, para responder dos danos e perdas ocasionados a esta Administración, sen perxuízo de que, unha vez calculada a indemnización debida, de resultar esta superior ó importe da citada garantía, esta Administración proceda o cobro do importe restante polos procedementos establecidos ó efecto.

Asimesmo, a resolución da concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso conleva a liquidación do contrato.

V.- A extinción do contrato de concesión de xestión e explotación do servizo de mercado no Mercado do Progreso de Vigo, supón a extinción automática dos contratos celebrados pola concesionaria, a Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo, tanto cos titulares dos postos como coas empresas que prestan servizos no mesmo.

Dado que o servizo de mercado é un servizo esencial e obrigatorio, parece necesario, para garantir a continuidade na prestación do mesmo, para a que é fundamental o labor levado a cabo polos titulares dos postos de venda, garantir a súa permanencia ó fronte dos mesmos, con carácter excepcional e transitoriamente, en tanto non se resolva pola Administración a forma de xestión no sucesivo do servizo público de mercado no Mercado do Progreso, e proceda ou ben a convocatoria pública de licitación dos postos de venda, no caso de optar pola xestión directa, ou ben a convocatoria dun novo concurso para a concesión da xestión e explotación do mercado, no caso de optar por continuar coa xestión indirecta.

O Mercado do Progreso consta no epígrafe I (bens inmobles) do Inventario Municipal de bens e dereitos co nº de propiedade 18, como ben de dominio público destinado ó servizo público. A ocupación dos postos do mercado constitúe un uso privativo dun ben de dominio público, dado que segundo os artigos 75 do RBEL e 85.3 LPAP se considerará uso privativo “o constituído pola ocupación dunha porción do dominio público, de modo que limite ou

exclúa a utilización polos demais interesados”. Para a utilización privativa de bens de dominio público é necesario estar en posesión dun título que o autorice, outorgado pola autoridade competente (artigo 84. 1 LPAP), sendo título habilitante para a mesma, sempre e cando a ocupación se efectúe unicamente con instalacións desmontabeis ou bens mobles, como no caso que nos ocupa, a autorización ou, se a duración do aproveitamento ou uso excede de catro anos, a concesión (artigo 86.2 LPAP), autorizacións ou concesións que se rexerán en primeiro termo pola lexislación especial reguladora de aquelas e, a falla de normas especiais ou en caso de insuficiencia de éstas, polas disposicións desta lei (artigo 86.3 LPAP). Polo que é preciso proceder ó outorgamento de autorizacións individuais ós actuais titulares dos postos, se ben condicionadas a que se atopen ó corrente do pago das rendas de aluguer dos postos así como das súas obrigas tanto coa concesionaria como co Excmo. Concello de Vigo.

A extinción automática dos contratos celebrados pola concesionaria coas empresas que prestan servizos no mercado unha vez resolto o contrato de concesión de xestión e explotación do servizo de mercado no Mercado do Progreso de Vigo, implica a necesidade de proceder a nova contratación destes servizos, previos os procedementos correspondentes, para poder garantir a continuidade na prestación do servizo público de mercado.

VI.- A competencia para a resolución deste procedemento correspóndelle a Xunta de Goberno Local, conforme ó disposto no artigo 127.1.f LBRL.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Acordar o secuestro da concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo e formalizada en documento administrativo en agosto de 2004.

2º.- O secuestro acordase ata que a resolución da concesión proposta no nº 4 do presente acordo adquira firmeza en vía administrativa, sin que poida exceder en ningún caso do prazo regulamentario de dous anos.

3º.- Nomear interventor técnico do Mercado do Progreso, en tanto dure o secuestro do mesmo, o vocal do Tribunal Económico Administrativo D. Miguel A. Pola Tombo.

4º.- Resolver o contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo, por incumprimento culpábel do concesionario, previo trámite de audiencia ó mesmo, por prazo de 10 días para que manifeste o que o seu dereito conveña.

5º.- No caso de que no prazo concedido para alegacións á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo non formule oposición, a presente proposta de resolución adquirirá firmeza. En caso contrario, previa contestación ás alegacións plantexadas, solicitarase informe ó Consello Consultivo de Galicia.

6º.- Proceder a incautación da garantía constituída pola Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, mediante aval bancario prestado pola entidade Caixanova, en data 3 de xuño de 2003, por un importe de 3. 005, 00 €, previo trámite de audiencia a entidade avalista.

7º.- Proceder a liquidación da concesión, así como a determinación dos danos e perdas causados ó Excmo. Concello de Vigo por mor da modificación do obxecto da concesión e a conseguinte explotación do servizo de aparcadoiro.

8º.- *Unha vez resolta a concesión, proceder ó outorgamento de autorizacións ós titulares dos postos de venda no Mercado do Progreso para garantir a continuidade na prestación do servizo de mercado, así como proceder a contratación dos servizos necesarios para o bo funcionamento do mercado, impostos no Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais”.*

Cuarto.- Entender incorporadas ó expediente todas as actuacións e informes emitidos no expediente caducado.

Quinto.- Poñer o expediente de manifesto á interesada a fin de que no prazo de dez días poida, de conformidade co artigo 84 da LRXPAC, presentar as alegacións, documentos e xustificacións que estime pertinentes en defensa dos seus dereitos.

Sexto- Notifíquese, en lugar e forma, a presente resolución á entidade concesionaria.

**46(1901).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A FUNCIONARIAS POR REALIZACIÓN DE TAREFAS FÓRA DA XORNADA NORMAL DE TRABALLO. EXPTE. 16921/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 26.12.06, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 14.12.06, conformado polo técnico de Organización, a xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Persoal, que di o seguinte:

*Con data 4 de decembro de 2006 o Concelleiro delegado de Xestión Municipal ordea a Unidade de Persoal a instrución dun expediente de asignación de complemento de productividade destinado as funcionarias Dª Teresa Gonzalez Carrasco, xefa de negociado de nominas con nº de persoal 6971, Dª Mª Carmen Alvarez Prieto, auxiliar administrativa do negociado de nominas, con nº de persoal 18709 e Dª Pilar Alonso Cacheiro, Técnica de sistemas do Servizo de Informática con nº de persoal 78150, polo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa demostrada ao longo do ano 2006 e en concreto na aplicación do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2006, de adecuación retributiva a parte dos postos dos grupos D e E.*

*A aplicación de dito acordo supuso a acumulación de tarefas provocadas polas diversas excepcionalidades e circunstancias especiais que no ano 2006 afectaron ás aplicacións informáticas de Nómina e Xestión de Persoal. A efectiva aplicación da adecuación retributiva dos postos de traballo aprobada no ano 2005 e realizada no ano 2006 con efectos de 1 de febreiro de 2005 supuso a realización de procesos informáticos auxiliares de estimación e comprobación de cálculos, execución da modificación dos postos na Xestión de persoal, retroceso dos cambios motivado pola non consolidación no mes de xuño do 2006 das novas retribucións, detección e corrección de erros, detección e corrección de inconsistencias na base de datos, copias de seguridade excepcionais, etc.*

*Así mesmo, ditas funcionarias demostraron unha colaboración excepcional coa Unidade de Persoal na aplicación do acordo plenario de modificación de convenio en canto aos importes da festividade e nocturnidade, a*

*asistencia na utilización efectiva por parte do persoal da Unidade do programa de Xestión de persoal, na realización dos cálculos para a elaboración do capítulo I do proxecto de orzamento para o ano 2007, etc*

*De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.*

*En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*O aboamento da produtividade proposta non trae orixe das vixentes Instrucións de plantilla, polo que dentro do ámbito competencial da Xunta de Goberno local será este órgano quen de aprobación, no seu caso, debéndose significar en todo caso que a motivación exposta anteriormente puidera ter encaixe dentro do concepto legalmente configurado para este complemento retributivo así como no apartado 3) das Instrucións de plantilla aprobadas pola Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005, circunstancia que lle compete ponderar en todo caso ao órgano resolutor.*

*De conformidade coas mencionadas Instrucións de Plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.*

*Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non podendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.*

*O importe proposto a percibir no caso de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento deste complemento retributivo para as devanditas funcionarias sería, para a D<sup>a</sup> Pilar Alonso Cacheiro, Técnica de sistemas do Servizo de Informática a cantidade de 2300,00 €, D<sup>a</sup> Teresa Gonzalez Carrasco, xefa de negociado de nominas a cantidade de 1150,00 € e , D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Alvarez Prieto, auxiliar administrativa do negociado de nominas a cantidade de 575,00 €, cálculos realizados en función das horas realizadas fora do horario habitual de traballo pola técnica de sistemas, segundo o control de presenza realizado pola Unidade de persoal e establecendo a correspondente proporción en función do grupo de titulación para a xefa de negociado de nominas e a auxiliar administrativa do mesmo.*

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado primeiro, IV, a) 14 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO::

“ Recoñecer as funcionarias D<sup>a</sup> Pilar Alonso Cacheiro, Técnica de sistemas do Servizo de Informática un complemento de produtividade por importe de 2300,00 €, D<sup>a</sup> Teresa Gonzalez Carrasco, xefa de negociado de nominas un complemento de produtividade por importe de 1150,00 € e , D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Alvarez Prieto, auxiliar administrativa do negociado de nominas un complemento de produtividade por importe de 575,00 €, calculos realizados en función das horas realizadas fora do horario habitual de traballo pola técnica de sistemas, segundo o control de presenza realizado pola Unidade de persoal e establecendo a correspondente proporción en función do grupo de titulación para a xefa de negociado de nominas e a auxiliar administrativa do mesmo, acordando proceder ao aboamento dos mesmos.”

Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **47(1902).- ASIGNACIÓN DE PRODUCTIVIDADE A D. IGNACIO OLIVEIRA LÓPEZ POR ACUMULACIÓN DE FUNCIONS. EXPTE. 9926/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 26.12.06, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 30.11.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Persoal, que di o seguinte:

Por Resolución do Concelleiro Delegado de Asuntos Sociais de data 23 de decembro de 2005 encomendase ao funcionario D Jose Ignacio Oliveira Lopez, Xefe do departamento de Cultura, con praza de Técnico Superior de Actividades Culturales e Educativas a realización de funcións e cometidos que viña desempeñando o Director do Museo Quiñones de Leon ante a necesidade de manter o normal funcionamento do Museo ata a finalización do permiso sin soldo dun ano de duración (finalización 31 de outubro de 2006), autorizado pola Xunta de Goberno a D Jose Ballesta de Diego.

Con data 16 de novembro de 2006 recíbese na Unidade de Persoal a solicitude de aboamento dun complemento de produtividade correspondente á acumulacion de funcións de dito funcionario, conformada polo Concelleiro delegado de Asuntos sociais.

Con data 1 de novembro de 2006, D Jose Ballesta de Diego incorporase o seu posto de traballo, dada a finalización do permiso concedido

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para Reforma da Función Pública, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As vixentes Instrucións de plantilla, aprobadas en acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005, regulan os supostos nos que se produce o dereito á percepción do devandito concepto retributivo.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e á Xunta de Goberno Local a aprobación e a asignación individual do mesmo, con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril (artigo 127.1.h)

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, no seu apartado terceiro a) con cargo o complemento de produtividade se retribuirá o especial rendemento e actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulacion temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía, tra-lo informe da Xunta de Persoal, por importe equivalente ó complemento de destino do posto acumulado.

Ditos importes serían:

5 Xaneiro	2006	575,39
Febreiro	2006	690,47
Marzo	2006	690,47
Abril	2006	690,47
Maio	2006	690,47
Xuño	2006	690,47
Xullo	2006	690,47
agosto	2006	690,47
setembro	2006	690,47
outubro	2006	690,47
		6789,62

Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral e da Xunta de Persoal, a seguinte PROPOSTA:

“ Recoñecer e aboar ó funcionario Sr. D Jose Ignacio Oliveira Lopez, Xefe do departamento de Cultura, a cantidade de 6789,62 €, en concepto de produtividade por acumulacion temporal de dous postos correspondente o periodo comprendido entre o 5 de xaneiro e o 31 de outubro de 2006.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE INCORPÓRASE O CONCELLEIRO SR. GUERRA FERNÁNDEZ.

#### **48(1903).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D<sup>a</sup>. ANA M<sup>a</sup> CARBALLAL REGUEIRO POR ACUMULACIÓN DE FUNCIONS. EXPTE. 16920/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 26.12.06, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.12.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Persoal, que di o seguinte:

*Por Resolucion da Alcaldía Presidencia de data 19 de maio de 2006 ordease atribución temporal de funcións de técnico de administración xeral á funcionaria D<sup>a</sup> Ana María Carballal Regueiro, con nº de persoal 17.680 e DNI 35.990.146, administrativa de administración xeral que prestaba os seus servizos na Xerencia Municipal de Urbanismo, motivada na carencia de técnicos de admón. xeral no devandito organismo autónomo municipal e no volume de traballo existente na Oficina de Intervención Urbanística á que está adscrita.*

*Dita atribución temporal de funcións exercerase nos termos e condicións do previsto no artigo 66 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civiles da Administración Xeral do Estado, e a funcionaria citada continuará percibindo as retribucións correspondentes ao seu posto de traballo de administrativa de admón. xeral, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo ás que poida ter dereito en cada caso.*

*Asi mesmo dipoñiase a cesación inmediata da atribución temporal de funcións no momento no cal se produza a subsanación da situación extraordinaria de carencia de técnicos de admón. xeral no dito organismo autónomo, e en todo caso cando se produza a cobertura polo procedemento legalmente establecido do posto de traballo de técnico de admón. xeral que se atopa vacante na Relación de Postos de Traballo (RPT) propia do organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo”, correspondente á Oferta de Emprego Público 2005 do mesmo (Bases publicadas no BOE de 8 de abril de 2006).*

*Con data 27 de novembro de 2006 recíbese no Servizo de Persoal a solicitude de aboamento dun complemento de produtividade correspondente á acumulacion de funcións de dita funcionaria, asinada polo Director dos Servizos centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, xa que con data 1 de outubro de 2006 a devandita funcionaria tomou posesion do posto de xefa de negociado de disciplina urbanística, pertencente a R.P.T. de dito organismo autonomo.*

*Remitese adxunto informe da Técnica de admon xeral, D<sup>a</sup> Marta Riobó Ibañez, conformado polo Xerente da X.M.U. no que se expon que a funcionaria D<sup>a</sup> Ana Carballal Regueiro desenvolveu as funcións de tecnica de admon xeral de xeito satisfactorio*



*De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para Reforma da Función Pública, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As vixentes Instrucións de plantilla, aprobadas en acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005, regulan os supostos nos que se produce o dereito á percepción do devandito concepto retributivo.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e á Xunta de Goberno Local a aprobación e a asignación individual do mesmo, con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril (artigo 127.1.h)*

*De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, no seu apartado terceiro a) con cargo o complemento de produtividade se retribuirá o especial rendimento e actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulacion temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía, tra-lo informe da Xunta de Persoal, por importe equivalente ó complemento de destino do posto acumulado.*

*O importe do complemento de destino do posto de tecnico de admón. Xeral e de 690,47 € mensuais. Xa que a Resolucion da atribución temporal de funcions a funcionaria D<sup>a</sup> Ana Carballal Regueira é do 19 de maio de 2006 e que disfrutou o seu periodo vacacional nos periodos comprendidos entre o 17 ó 21 de xullo e o 12 de setembro o 8 de outubro de 2006, a cantidade a percibir ascende a 2347,59 €*

*Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral e da Xunta de Persoal, a seguinte PROPOSTA:*

*“ Recoñecer e aboar a funcionaria D Ana Carballal Regueiro, administrativa de admon xeral do Concello de Vigo, a cantidade de 2347,59 € en concepto de produtividade por acumulacion temporal de dous postos correspondente o periodo comprendido entre o 19 de maio o 30 de setembro de 2006.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**49(1904).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES ÓS MESES DE XULLO E NOVEMBRO DE 2006. EXPTE. 16895/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 26.12.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 22.11.06, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Asignar unha gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes os meses de XULLO e NOVIEMBRE-2006, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servicios que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan no expediente e que comezan unha por don Carlos Abalde Fernández e remata por don Rafael Romero Iglesias, por un total de 1.247 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Constante Alonso Caride e rematan por don Jaime Villar Salgueiro, por un total de 2.107'45 horas .
- Parque Móbil, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Miguel Angel Alonso Alonso e rematan por don J. Antonio Rodríguez Rodríguez, por un total de 1.046'00 horas.
- Inspección de Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Benito Barciela Simón e remata por don Raimundo Villar Estévez, por un total de 62'00 horas.
- Oficina Supervisora de Proxectos e Inspección de Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Eugenio Matilde Viñas e rematan por don Angel Ferro Mancho, por un total de 49'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por don Avelino Pardellas Avión e rematan por don José Ramón Seijas Alvarez, por un total de 241'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 107'00 horas.
- Conserjería, relación que se achega no expediente de don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 114'00 horas.
- Parque Central, relación que se achega no expediente e que comeza por don Guillermo Abelleira Porrúa e remata por don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 40'00 horas.
- Vías e Obras, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don José Luis Amoedo Cabaleiro e rematan por don José Manuel Martínez González, por un total de 380'00 horas.

- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don José Luis Vidal Alvarez, por un total de 961'00 horas.
- Museo, relación que se achega no expediente e que comeza por don Amantino Fernández Fernández e remata por don Manuel Ogando López, por un total de 8'15 horas.
- Policía Local, relación que se achega no expediente correspondentes aos anos 2001, 2002, 2003 e 2005 de don José Parada López, policía local jubilado, un total de 70'30 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 51.891'09 € (CINCOENTA E UN MIL OITOCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON NOVE CÉNTIMOS).

NETES INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. GUERRA FERNÁNDEZ.

**50(1905).- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 16969/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 28.12.06, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización, do 28.12.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

*Antecedentes.*

*A Xunta de Goberno, nas súas sesións ordinarias de 21 e 28 de agosto e 4 de setembro de 2006, acordou a contratación de 5 auxiliares administrativos/as para diferentes servizos municipais, entre os que se atopaba o Servicio de Estatística, formalizándose os respectivos contratos con data 11 de setembro de 2006 e por un periodo de tres meses, prorrogables por outros tres.*

*Finalizados os mesmos, por resolución do 1º Tenente de Alcalde de data 5 de decembro pasado, acordouse a prórroga dos mesmos por un periodo de tres meses, coa excepción dunha das auxiliares adscrita o Servicio de Estatística que renunciou voluntariamente a súa prórroga.*

*Nembargantes, a Xefa de Estatística a traves de escrito de 4 de decembro pasado, solicita a contratación dun/dunha novo/a auxiliar administrativo/a para o Servicio, toda vez que persisten as mesmas circunstancias que deron lugar a contratación inicial.*

*O 1º Tenente Alcalde, a través de Instrucción de Servicio de data 20 de decembro pasado, ordeou a tramitación do expediente correspondente para proceder a contratación urxente dun/dunha novo/a auxiliar administrativo, utilizando a lista de substitucións resultante do proceso selectivo autorizado pola Xunta de Goberno local de data 4 de setembro de 2006.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21 de agosto pasado, acordou a contratación de dúas auxiliares administrativas, para o servizo de Estatística, entendéndose que xa daquela autorizou a contratación proposta neste expediente, nembargantes, o tratarse da substitución doutra traballadora e necesario a adopción dun novo acordo polo órgano competente, neste caso a Xunta de Goberno Local.*

*Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.*

*Por resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local, de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada, o igual que as listas de persoal auxiliar de carácter temporal realizadas ata a data.*

*Nembargantes, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 4 de setembro de 2006, acordou a contratación de tres auxiliares administrativos por acumulación de tarefas, para o Servizo de Administración de Tributos e Dirección de Ingresos. No referido acordo e toda vez que non existía ningunha lista de substitucións autorizábase solicitar o Servizo Galego de Colocación unha oferta xenérica para a selección dun/dunha auxiliar administrativo/a, dentre dos 20 candidatos/as previamente remitidos a través dunha proba de carácter informático.*

*Constituída a Comisión de Valoración para a realización da referida proba e segundo se desprende da acta da referida Comisión de data 17 de novembro de 2006, foron propostas D<sup>a</sup>. Aranzazu Díez Nogueira e D<sup>a</sup> Marta Sánchez Méndez, aspirantes que aprobaron o exercicio e obtiveron as máximas cualificacións, sendo contratadas por Resolución do concelleiro-delegado da área de xestión municipal de data 20 de novembro pasado.*

*De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.*

*Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.*

*Ó abeiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.*

*O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.*

*Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .*

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Asi mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servicios autonómicos de emprego, como un servicio público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Toda vez que por Resolución do concelleiro-delegado da area de xestión Municipal de data 20 de novembro pasado, foron contratados os dous primeiros aspirantes propostos pola Comisión de Valoración, procedería a contratación do seguinte aspirante da lista, que resulta ser D., Carlos Yáñez Iglesias, o cal aceptou expresamente, mediante escrito de 20 de decembro pasado, optar á referida contratación laboral-temporal.

Enténdese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 30/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2006, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servicio de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

A contratación dun auxiliar efectúase por un periodo de tres meses, establecéndose así mesmo que o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Por todo elo, previo informe de fiscalización do gasto pola Intervención xeral, para facer fronte o gasto que supón a devandita contratación, o funcionario que subscribe PROPÓN á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

“Autorizar á Alcaldía Presidencia para formalizar un contrato laboral temporal de auxiliar administrativo baixo a modalidade de acumulación de tarefas, contrato eventual por circunstancias da produción, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, por un período de tres meses ( prorrogable por outros tres), co seguinte candidato que figura incorporada á lista de substitucións que se reflexa na acta da convocatoria para a contratación temporal de persoal auxiliar autorizado pola Xunta de Goberno Local de 4 de setembro de 2006 :

- D. CARLOS YAÑEZ IGLESIAS, N.I.F 36.099.803-S

O referido aspirante prestará ós servicios propios da súa categoría profesional nos diferentes servicios municipais demandantes das contratacións propostas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 138 da Relación de postos de traballo vixente, modificada pola Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2005.

Con carácter previo á formalización do correspondente contrato a aspirante deberá acreditar-la correspondente titulación esixida para participar na convocatoria anteriormente referida“.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **51(1906).- PROXECTO MODIFICADO E MODIFICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CRUZ BLANCA. EXPTE. 51333/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 21.12.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o “ proxecto modificado nº. 1 de Humanización da rúa Cruz Blanca “ redactado polo enxeñeiro director da obras D. Sergio González Prada cun presuposto adicional líquido de 22.879,35 €

2º.- Aprobar a modificación do contrato formalizado coa mercantil Movexvial, S. L. con data 30 de outubro de 2006 e cun presuposto líquido de execución por contrata de 249.129,35 €

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do proxecto modificado nº. 1 de Humanización da rúa Cruz Blanca por importe adicional líquido de 22.879,35 € con cargo á partida 511.0.611.00.11 do presuposto 2006.

4º.- Previamente a asinar ó documento de modificación do contrato por parte da mercantil contratista deberáse constituir ante a Tesourería municipal garantía por importe do 4 % do prezo da modificación en calesquera das formas previstas na LCAP.

### **52(1907).- PROXECTO MODIFICADO E MODIFICACIÓN DO CONTRATO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PORTOLOUREIRO. EXPTE. 51335/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 27.12.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o “proxecto modificado nº. 1 de construción de beirarrúas na R. Portoloureiro - Castrelos“ redactado polo enxeñeiro técnico director das obras D. Jorge Muñoz Rama cun presuposto adicional líquido de 18.053,83 €

2º.- Aprobar a modificación do contrato formalizado coa mercantil Obras y Construcciones Dios, S.A. de data 11 de decembro de 2006 e cun presuposto líquido de execución por contrata de 111.000,00 €

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do proxecto modificado nº. 1 de Construción de beirarrúas na R. Portoloureiro – Castrelos por importe adicional líquido de 18.053,83 € con cargo á partida 511.0.611.00.03 do presuposto 2006.

4º.- Previamente a asinar ó documento de modificación do contrato por parte da mercantil contratista deberáse constituir ante a Tesourería municipal garantía por importe do 4 % do prezo da modificación en calesquera das formas previstas na LCAP.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez